

A boca da sombra



1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

© Emma Pedreira, 2024

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes
de subscribirte ao CLUB AIRA

Deseño e ilustración da tapa: Diego Estebo

Impresión: La Imprenta CG

ISBN: 978-84-127695-3-1

DL: OU 20-2024

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

A BOCA DA SOMBRA

EMMA PEDREIRA



Hai unha cidade como un embigo de luz enquistada na chaira das sombras. E nesta luz, unha raíz escura que a delimita e a determina. Putown, cidade do leste, amurallada de pedras e de prexuízos, foi fundada polas prostitutas e soldadeiras liberadas dos exércitos tras as guerras que asolaron por tres décadas os territorios de Mittelterra. Cansas, vellas e licenciadas, foron desposuídas de retorno máis situadas en condición de fundaxe e así chegaron aos predios do que fora unha cidade desolada. E alí sobrevive cada quen coa súa estirpe, desde hai tantos anos que as forneceron de idiosincrasia, gramática, servizos básicos e memoria propia. A cidade que vive dos rescoldos do fornicio e o recupera para a súa vida e economía. As vellas son as mestras. E alí viven coas súas fillas. E as fillas das súas fillas.

**Lord Barnabás Bascoy, primeiro Lord
Cronista de Mittelterra
Fragmento do capítulo I
da Crónica Xeral de Putown City**

*Fuches lugar de bestas, inimiga escura,
a cicatriz do tempo apousou
xusto na comisura da túa boca
un punto obsceno que titila
entre o teu nome
e o silencio*

Boris Belcebú

Lugar das bestas [Ed. Crisania, Putown, (...)]

Para Benedicto as mulleres de Putown son algo así como as súas flores. Teñen algo de místico e de sagrado, pero tamén algo de podremia cando decae o seu esplendor ou cando está no seu cénit. Así, o mesmiño, pásalle ao nardo. Convértese nunha absoluta dor de cabeza a intensidade do nardo no momento antes de decaer, xusto no segundo antes de comezar a murchar.

E tamén pensa na vainilla se fala desas femias que exercen o seu poder en cuartos amarelos como as luces que desprenden as candeas acesas e as sombras que proxectan as sabas que xa resultan pegañentas e rasposas de tan queimadas pola lixivia. Esas mulleres son como bolboretas ou como avelaíñas caídas en tarros de mel. Se cadra están presas, pero buscaron a súa trampa. Iso é o que pensa sobre elas Benedicto. O que sente gárdao para el.

Estas mulleres que el ama son como pexegos de ouro, milenarias, poderosas, irtas.

Tamén di delas que son do oriente porque lanzan a mesma ollada reptiliana incluso por tras desas pálpebras finas, con ollos pesados como bólas de metal que pendurasen dentro dunha gasa delicadísima, e que son de pel tan fina como as sabas do teatro negro (brancas), sombras pequinesas por tras dun veo mol como o pétalo da camelia. Teñen unha somnolencia narcótica que as fai moles na desidia. Postura perversamente estudada, por outra parte.

As veas nos seus pulsos son remuíños azuis e vermellos como un escorpión que se remexe por embaixo

da pel. E olen. Chámalles reinetas ás mulleres prostitutas de Putown porque olen a mazá que secou no medio de panos e tamén porque reinan como principais por riba dos homes a quen manteñen vencellados ás súas camas. Como elas din, cando elas o deciden. Dentro de todo o terrible, este é o seu poder.

Pode dicir que Putown é unha cidade femia, animala e aberta. As portas non pechan nunca, os ollos de xanelas e xentes están sempre abertos e as mulleres esgazan como mandarinas, son como costuras moi tensas que, polo momento, non rebentan nunca e transparentan unha carne branca e rosada, gorentosa do dedo e da punta da lingua.

Preocúpame o futuro desta cidade. Desbórdase. Non a poden conter xa o cinto das súas murallas nin os foxos cavados arredor delas.

Sabemos que sempre foi repudiada polas cidades veciñas por mor da súa lixeireza de vida e de conduta e, dentro disto, o que é peor, pola súa autosuficiencia. Mais nestes tempos abren e pechan as súas portas demasiadas veces e neses momentos un aire que chega de extramuros invade a nosa perfecta endogamia. E co aire entra tamén algo máis que nos infecta. Aínda que pode ser que ese algo xa estivese dentro, residindo entre nós desde hai algún tempo.

Preocúpame esa cousa que ao principio foi acontecendo de maneira puntual e está a facerse desmedida. As rapazas novas van morrendo como paxaros no punto tórrido do verán. Caen esvaecidas e cando tocan o chan xa están mortas.

Digo as rapazas, as mulleres novas, cando debería referirme sempre ás donas que dirixen a actividade principal desta cidade. Esas son as que andan a deixarnos para sempre. E non sabemos que as empuxa a facelo, nin como.

O noso cemiterio, situado no centro das rúas para que teñamos conta as persoas vivas das que morreron, xa comezou a rebordar e levan as mortas máis recentes fóra da cidade por falla de espazo onde soterralas. Temos en conta tamén esa lei hixienista que fala de efluvios e de contaxios e de non vaia ser... Aquí non hai agulla viva nin morta que caiba.

O ritual fúnebre, ancestral, feito dun barullo enxordecedor de percusión e que consiste en dar grandes golpes no peito para amosar a dor e o baleiro, golpes que imitan os estrondos do corazón, a xente comezou a transmitirlo a grande escala, batendo coas portas e xanelas das casas para ampliar o ruído e abrir a cidade por uns momentos, remexer o seu aire cebado. E por este motivo, no intre en que os cadaleitos saen de Puttown, danse portazos con contras e portas e portóns e tapadeiras, nun estrondo enlouquecedor como de salvas de madeira.

Baten os corazóns de cada casa nas despedidas. Semella que se dispara a cidade cando outra muller marcha para sempre.

Ultimamente andamos a portazos case que cada día.

Até o Doutor Bastian chegan as falecidas que van marcadas co interrogante.

O inspector Bou envíallas cun deses papeis amarelos pegado na fronte e onde só figura un enorme signo de interrogación en tinta vermella ao que deben responder a autopsia e o consabido informe. Estas finadas, coñecidas polo seu oficio, mais que non dan noticia evidente da súa morte, son as que excitan todos os artilluxios do Doutor, os cirúrxicos e os outros.

O simple ondear do papel amarelo no aire oleoso da súa sala indúceo a un estado de euforia que só sentira así a primeira vez que abriera un corpo para poder ver o seu contido como se se tratase dunha caixa de regalo.

Tamén o percorrera esta mesma sensación no seu primeiro encontro sexual.

Ningunha importancia ten para ninguén que estes dous momentos fosen o mesmo.

Veño porque atoparon unha que aínda está viva, dígolle ao Doutor.

Non está morta, pero viva tampouco.

Que facer, daquela.

Ese non é o meu traballo, inspector, eu non tomo as decisións aquí, nin vostede, eu despacho cadáveres e ditames e esta muller non está morta. Está aí, detida, cunha morte a medio facer e paralisada por fóra. Agora mesmo é como un ovo que agocha latexo e respiración, nada máis.

Daquela diremos que está viva e que quererá falar.

Para que diremos iso?

Para espertar a incomodidade. E o medo. E a posibilidade de que volvan para rematala.

Así estarémola expoñendo.

E protexendo as demais, tamén.

É espectacular comprobar que son tan estúpidos que mesmo caéndolles diante dos fociños o elo que lle falta á cadea non poderán pechar ese círculo. E todo porque pensan desá maneira tan simple na que os simples pensan.

Buscan evidencias, miran o chan e recobren con xeso líquido o oco das pegadas, agardan que seque, escaravellan buscando quen sabe que embaixo das unllas, nos ocos das orellas, no padal, entre as dedas dos pés. Que buscan. Que buscades, porcos?

Se erguesen a ollada, se mirasen de pronto dentro doutros ollos, se revisasen todo o que os propios rostros debuxan, verán que nada fica agochado, todo o transparentan a cute, a córnea, o rubor, a suor cheira doutro xeito cando mentes ou agochas algo; cando levas no interior un tenro segredo a pel estila un bafo de lene caloríña alcólica. Non existe nada como as bolboretas na barriga, só esas microcontraccións da emoción e do medo en cada tecido vivo. Tratade de facer unha ecografía dese estado da alma. A alma está aí, no medio da boca do estómago, nese lugar que se contrae cando algo non é o que parece que vaia ser, cando algo se torce.

E desde logo non saben que ti e eu nos amamos, primeiro só de palabra e despois xa de feitos e, tras facelo, Yfixenia arrincoou de min un paxaro de fume e que o seu corazón está soterrado na maceta dunha planta para a cocíña e que o seu corpo roto leveino eu

entre os dentes secar á túa porta como o gato agasalla
cun ratiño morto a súa ama.

Estúpidos, non me vedes, non me cheirades e levo na
punta dos dedos o cheiro de todas. Pasóme con esa
entre as ruelas axitadas da cidade. E desfruto —tanto—
da súa sombra.